

## Outros BITS dispoñibles

### MrMISTO {bits} Contra a violencia

Unha selección das mellores pezas curtas que fan pensar sobre as distintas formas de violencia e os seus efectos na nosa vida. *Pim Pam Pum*, do vasco Andoni de Carlos ou *On the line*, de Jon Garaño, mudarán o teu punto de vista. Unha inxección de vitalidade e optimismo ante un mundo marcial que aínda, se cadra... podemos cambiar.

### MrMISTO {bits} In Love

O cine en curta máis romántico... sen caer nos tópicos melindrosos. Falamos neste {BIT} de amor a primeira vista, de amor na vellez, do amor máis inocente e de bicos máxicos. Non perdas esta sesión de cine in love, e vivirás, por fin, un día dos namorados orixinal!

### MrMISTO {bits} Rela-BIT

Para disfrutar do cine en boa compañía. Bécquer dixo una vez que a soidade é moi fermosa... se tes a quen contarllo! O asturián Imanol Ruiz de Lara conta en *0'8 miligramos* que as relacións cos demais son un conxunto de silencios e un conxunto de palabras. Pero esta sesión de curtas inclúe tamén unha historia moi particular. *Mei Ling*, de Stephanie Lansaque e Françoise Leroy, responde á animada pregunta: E se adoptas un polbo como animal de compañía?



#### ADMINISTRACIÓN / XESTIÓN

Rúa Vista Alegre, nº 32 · Baixo  
36600 Vilagarcía de Arousa [Pontevedra]  
Tfn. (0034) 986 189 496  
Fax (0034) 986 189 496

#### AUDIOVISUAL

Rúa Ramón Cabanillas, 15 baixo  
15679 Cambre [A Coruña]  
Tfn. (0034) 981 667 665  
Fax (0034) 981 667 665

[www.mrmisto.com](http://www.mrmisto.com) · [info@mrmisto.com](mailto:info@mrmisto.com)

### MrMISTO {bits} en Galego2



Os Mr Misto {Bits} son paquetes temáticos de curtametraxes. Unha forma de ver o mundo a través do cine en curta duración. Pezas audiovisuais de calidade que non deixan indiferente ó espectador. As posibilidades de gozar dunha programación variada e rica en contidos fai que este programa sexa o ideal para achegarse dunha forma distinta ó público xuvenil, facéndoo máis crítico e capaz de reflexionar sobre o mundo dun xeito diferente, anovador e divertido.

Un repaso ó mellor da produción audiovisual máis actual feita EN GALICIA, EN GALEGO. Curtas en clave de humor, cine negro ó máis puro estilo americano, e un documental que retrata a

realidade máis íntima do rural galego compoñen este atractivo paquete de catropezas.

Unha programación que se pode complementar cunha serie de charlas moderadas por profesionais da materia, que animan ós espectadores a participar e a implicarse en cada un dos temas propostos por esta colección.

Porque os Mr Misto {Bits} son máis que curtas!

*“O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos.*

Alfonso Rodríguez Castelao

### DOUS HOMES E UN SUICIDIO Iria López | 2010 | 18'

Samuel é un mozo algo excéntrico e un pouco dado ós dramatismos. Cando, levándose pola súa habitual auto-compaixón, decide rematar con todo e gravar en vídeo o seu propio suicidio, atopa no mesmo lugar a Ricardo, un home de corenta anos divorciado e sen traballo que busca tamén a maneira de desaparecer.

### A SEÑORA MARÍA Toño Chouza | 2009 | 3'

A señora María é unha muller cun talento especial para contar historias. Pero ela non o sabe... e fai un paréntese na súa rutina diaria para contarnos pequenas cousas dunha vida ben distinta á que hoxe estamos acostumados.

### O ELIXIDO Chema Gagino | 2009 | 17'

O elixido está desacougado. Leva días sen durmir e está aburrido. Pero non hai nada que o reteña á forza nesa habitación. A parella que o vixía tamén está intranquila. Se continúan nese hotel, darán con eles e non poderán cumprir a súa misión. Pero o elixido xa tomou unha decisión.

### INSTALACIÓN José Díaz | 2010 | 14'

Acosada polas críticas, a directora dun museo de arte contemporánea busca una instalación de urxencia que salve o seu prestixio e o seu financiamento. Sen apenas ter referencias previas acepta acoller a obra dun descoñecido artista. Pero o que ignora é a natureza desa instalación.